\* Tivéronse en conta as compensacións por liquidacións de traballos científicos.

Cadro 6.35 **Importe da produción científica dos grupos de investigación vinculados ao CITEEC**

Tamén estiveron adscritos ao centro outros dous grupos de investigación, aínda que non tiveron o seu cen-


tro de gasto no CITEEC: Grupo de Ferrocarrís e Transportes e Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñaría.




## Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

Nº de integrantes dos grupos de investigación	91
Nº de investigadores contratados con cargo a proxectos	44
Nº de técnicos especialistas	12
Nº de contratos de asistencia técnica	25
Nº de empresas coas que se traballou	67
Nº de proxectos activos durante o ano	25
Nº de artigos publicados en revistas recollidas no SCI	36
<b>Orzamento total</b>	<b>1.699.480,2 €</b>


Cadro 6.36 Principais cifras do CIT en 2015




Cadro 6.37 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT



Cadro 6.38 Evolución do orzamento executado polos grupos do CIT




Cadro 6.39 Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CIT




Cadro 6.40 Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CIT

## Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)

- En 2015 a Carteira de Proxectos do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) consta de 32 proxectos, resultantes de contratos con entidades de diferente natureza, pública e privada. Destaca o incremento de ingresos obtidos con orixe en fondos privados. Esta partida aumentou en máis do 200% respecto dos datos do ano anterior, chegando a cifra de máis de 660.000 € en 2015. Outra parte, dos proxectos de I+D+I do centro apoiáronse en convocatorias competitivas públicas. Neste capítulo os recursos captados supoñen máis do 65%, con case 2 M€.
- Contactáronse máis de 80 empresas e entidades públicas e OPIs da contorna sectorial TIC. Esta relación continuada co sector empresarial propiciou que o CITIC este consolidándose como un punto de referencia para o sector industrial no ámbito da transferencia tecnolóxica.
- Fíxose especial esforzo por incrementar a súa I+D no Programa Europeo Horizon 2020. Intensificouse a comunicación e en setembro celebráronse varias entrevistas nas oficinas de Bruselas da Unit NET FUTURE na DG Connect (CE).
- Identificáronse 13 novas ideas para proxectos IDI Europeos e presentáronse 4 candidaturas a proxectos europeos en convocatorias de H2020 nos piares de Industrial Leadership: ICT-LEIT e Social Challenges do H2020, así como 4 candidaturas na convocatoria INTERREG – POCTEP.
- Como resultado da actividade investigadora dos 11 grupos adscritos, apoiouse a organización de 25 congresos internacionais e seminarios para difusión de resultados de investigación. Por outra parte, o CITIC acudiu a 24 eventos de transferencia tecnolóxica con relevancia nacional e internacional.
- O centro acadou a renovación da certificación segundo as normas ISO 9001:2008 e UNE 166002:2014.
- En 2015 o CITIC centrou o seu esforzo de organización interna na elaboración dun Plan Estratégico CITIC 2020.
- O CITIC está recoñecido pola Xunta de Galicia como Centro Singular de Investigación do SUG, a través dun convenio que garante o financiamento do centro desde 2013 e que se prorrogou para a anualidade 2015.




Cadro 6.41 Procedencia dos ingresos do CITIC en 2015



Cadro 6.42 Evolución do financiamento do CITIC segundo a procedencia dos recursos





Cadro 6.43 Evolución dos proxectos e persoal contratado con cargo a proxectos do CITIC

	2015
N.º de integrantes dos grupos de investigación	233 <sup>1</sup>
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	15 <sup>2</sup>
N.º de técnicos especialistas	4
N.º de contratos novos con empresas	18 <sup>2</sup>
N.º de proxectos con financiamento público	14 <sup>3</sup>
N.º de proxectos activos durante o ano	32 <sup>3</sup>

<sup>1</sup> Datos actualizados segundo Memoria Técnica anual Centros Singulares CITIC. 2015.

<sup>2</sup> Só se inclúe o número medio de contratos laborais realizados directamente pola Sociedade Xestora do CITIC.

<sup>3</sup> Só se inclúen os datos dos convenios e proxectos xestionados pola Sociedade Xestora do CITIC e as axudas públicas acadadas como CITIC (Conv. Xunta Centros Singulares 2015. CITIC). Non se inclúen os xestionados directamente polos grupos de investigación na UDC.

Cadro 6.44 Actividade do CITIC en 2015

## Transferencia

### Patentes e rexistros de sóftware

Ao longo de 2015 a Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI) xestionou a tramitación de 24 solicitudes de novas patentes nacionais, unha patente europea; unha extensión internacional PCT e 9 rexistros de sóftware. Así mesmo, a UDC obtivo a concesión de 10 patentes nacionais na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM).

Por outra banda, a OTRI xestionou 3 acordos de licenzas de explotación relacionadas co Know How das seguintes empresas: Centro de Estimulación Cerebral de Galicia, SL; Nerxus Quality Solutions, SL; Terravanza, Gabinete de Estudios Avanzados, SL.

Título	Autores/as
Planta frigorífica por compresión de vapor impulsada por un ciclo térmico alimentado con calor do compresor frigorífico	Ramón Ferreiro García; José Carbia Carril
Motor alternativo rexenerativo de combustión de dobre efecto	Ramón Ferreiro García; José Carbia Carril
Módulo para a formación de arrecifes artificiais	Luis Carral Couce; M <sup>a</sup> Jesús Rodríguez Guerreiro; José Ángel Fraguela Formoso
Sistema de aporte de enerxía á planta de relicuación para buques de transporte de gas natural utilizando enerxía térmica residual do sistema de propulsión.	Ramón Ferreiro García; Javier Romero Gómez; José Carbia Carril; Manuel Romero Gómez
Planta frigorífica de ciclo combinado de compresión y absorción parcialmente alimentado con calor residual do compresor mecánico alternativo	Ramón Ferreiro García; Javier Romero Gómez; José Carbia Carril; Manuel Romero Gómez
Planta térmica con regasificación de GNL e captura de CO <sub>2</sub>	Manuel Gómez Romero; Ramón Ferreiro García; José Carbia Carril; Javier Romero Gómez; Álvaro Baaliña Ínsua
Planta termoeléctrica alimentada con calor ambiental e arrefriada mediante regasificación de gas natural licuado	Ramón Ferreiro García; Javier Romero Gómez; José Carbia Carril; Manuel Romero Gómez
Planta termo-hidroeléctrica accionada por unha máquina alternativa de dobre efecto e expansión isobárica	Ramón Ferreiro García
Procedimento de limpeza de manchas frescas por derrame de fluídos	Ignacio Pérez Pérez; Ana M <sup>a</sup> Rodríguez Pasandín; Breixo Gómez Meijide
Planta termoeléctrica con ciclo termo-hidráulico de expansión isobárica	Ramón Ferreiro García
Medidor tridimensional corporal	Daniel López López; Francisco Alonso Tajés; Carolina Rosende Bautista; M <sup>a</sup> Matilde García Sánchez; Sergio Pérez García; Ricardo Becerro de Bengoa Vallejo; Marta Losa Iglesias
Dispositivo e procedemento de autotensado automático para forxados e vigas	Fco. Javier Estévez Cimadevila; Valentín Lamas López; Isaac Rodrigo López César; Emilio Martín Gutiérrez; M <sup>a</sup> Dolores Otero Chans; Juan Bautista Pérez Valcárcel; Félix Leandro Suárez Riestra; José Antonio Vázquez Rodríguez
Sistema estrutural despregable de arcos e bielas	Fco. Javier Estévez Cimadevila; Isaac Rodrigo López César; Araceli López Rodríguez
Planta Offshore de conversión de enerxías eólica e undimotriz eléctrica	Ramón Ferreiro García; Ramón Guillermo Borrás Formoso

Cadro 6.45 Patentes nacionais e modelos de utilidade tramitados en 2015 (segue)

Título	Autores/as
Malla espacial de dobre capa despregable con articulacións bloqueables	Juan Bautista Pérez Valcárcel; Manuel Muñoz Vidal; Félix Leandro Suárez Riestra; Isaac Rodrigo López César
Proteína recombinante do receptor da ferriscibactina e a súa aplicación para a produción dunha composición inmunoxénica fronte á pasteurelosis	Jaime Rodríguez González; Carlos Jiménez González; Manuel Luis Lemos Ramos; Andrea Catherine Valderrama Pereira; Antón Vila Sanjurjo; Miguel Balado Dacosta
Sistema de Seguridade e Socorro para vehículos	Ramón Ferreiro García
Planta termoeléctrica de tres ciclos rankine e unha turbina de expansión	Ramón Ferreiro García; Javier Romero Gómez; José Carbia Carril; Manuel Romero Gómez
Buque para o transporte e instalación de unidades eólicas fóra da costa.	Antonio Navarro Aranda; Crsitina Heredero Bueno; cotitularidade coa empresa Iberdrola Renovables Energía
Procedemento para a detección de recombinación homóloga in vivo analizando formas de GFP recombinantes	Ángeles Freire Picos; Ana M <sup>a</sup> Rodríguez Torres; Bárbara Varela Rodríguez; Tania Álvarez Felgar
Módulo compacto para a formación de estruturas porticadas	Félix Leandro Suárez Riestra; Fco. Javier Estévez Cimadevila
Separador centrífugo de CO <sub>2</sub> dos gases de combustión	Ramón Ferreiro García
Sistema e procedemento de captura e almacenamiento de CO <sub>2</sub> dos gases de combustión	Ramón Ferreiro García
Sistema de almacenamiento de hidróxeno por compresión asistido mediante calor residual de compresión	Ramón Ferreiro García


Cadro 6.45 (continuación) **Patentes nacionais e modelos de utilidade tramitados en 2015**


Título	Autores/as
Métodos para determinar a resistencia á apertura das mallas dunha rede	Manuel Jesús González Castro; Amelia de la Prada Arquer
Passive Contaminant Sensor Device	Darío Prada Rodríguez; Soledad Muniategui Lorenzo; Purificación López Mahía; María Piñeiro Iglesias; Estefanía Concha Graña

Cadro 6.46 **Patentes internacionais tramitadas en 2015**

Título	Autores/as
Identificación automática de vehículos mediante RFID con detector de bucles inductivos	Juan José Lamas Seco; Adriana Dapena Janeiro; Paula Mª Castro Castro
Sistema robótico para a limpeza de cascos de barcos e outras superficies sumerxidas	Fernando López Peña; Richar José Duro Fernández; Daniel Souto García; Andrés Faiña Rodríguez-Vila
Plataforma mariña para tratamento de lodos de dragado	José Manuel Rebollido Lorenzo; Primitivo González López; Emilio Lage Vellón; Juan de Dios Rodríguez García; Antonio Salamanca Giménez
Maquina térmica de combustión externa sobrealimentada de ciclo rankine.	Ramón Ferreiro García; Manuel Romero Gómez; Javier Romero Gómez
Ciclo combinado con ciclo brayton pechado, foco frío subambiental, con fluidos de traballo de elevado coeficiente politrópico	José Carbia Carril; Alberto De Miguel Catoira; Ramón Ferreiro García; Javier Romero Gómez; Manuel Romero Gómez
Sistema de construción modular lixeira (Siscomol)	Félix Leandro Suárez Riestra
Dispositivo transmisor industrial universal	Francisco Javier Pérez Castelo; Ramón Ferreiro García; Andrés José Piñón Pazos
Estrutura abatible de soporte, izado e estiba de propulsor foraborda	Antonio Couce Casanova; Primitivo González López; Mª Isabel Lamas Galdo; Juan de Dios Rodríguez García; Carlos Gervasio Rodríguez Vidal
Dispositivo, procedimientoe produto de programa informático para controlar o subministro de corrente eléctrica a un aparello eléctrico	Tiago Manuel Fernández Caramés; Rafael Constenla Casal
Sistema estrutural de rápida montaxe	Francisco Javier Estévez Cimadevila; Mª Dolores Otero Chans; Emilio Martín Gutiérrez; José Antonio Vázquez Rodríguez

Cadro 6.47 Patentes concedidas en 2015






NOTA: non se inclúen extensións internacionais PCT

Cadro 6.48 Evolución do número de patentes solicitadas e concedidas

Título	Autores/as
Ferramenta para o cálculo automático da curvatura vascular	Manuel Francisco González Penedo; Marcos Ortega Hortas; Noelia Barreira Rodríguez; Alfa Fernández Arias; Beatriz Remeseiro López; Jorge Novo Buján; Brais Cancela Barizo; Luisa Sánchez Brea; Ana González López
Ferramenta para o seguimento automático de puntos vermellos en retinografías	Manuel Francisco González Penedo; Marcos Ortega Hortas; Noelia Barreira Rodríguez; Beatriz Remeseiro López; Jorge Novo Buján; Brais Cancela Barizo; Alba Fernández Arias; Luisa Sánchez Brea; Ana González López
Ferramenta para a detección automática de puntos vermellos en retinografías	Manuel Francisco González Penedo; Marcos Ortega Hortas; Noelia Barreira Rodríguez; Beatriz Remeseiro López; Jorge Novo Buján; Brais Cancela Barizo; Alba Fernández Arias; Luisa Sánchez Brea; Ana González López
Sistema de Minería de Opinións en Múltiples Idiomas mediante Análise Sintáctico de Dependencias	Miguel Ángel Alonso Pardo; Carlos Gómez Rodríguez; David Vilares Calvo
OrthoStab (Orthostat Stability)	José Manuel Reinoso Prado
FILMYOU: Recomendación distribuídas de películas	Álvaro Barreiro García; Javier Parapar López; Daniel Valcarce Silva
TADPOLE. Motor de deseño asistido baseado en morfoxénese xenética aplicada sobre nubes de puntos	Juan Ramón Rabuñal Dopico; M <sup>a</sup> Dolores García Vidaurrezaga; Alejandro Pazos Sierra; Adrián Carbalal Mato; Rafael Iván Pazos Pérez; Luis Omar Álvarez Mures
Visualizador Galego de Datos LIDAR	Margarita Amor López; Ramón Doallo Biempica; Rafael Crecente Maseda; David Miranda Ramos; David Deibe Seoane; Miguel Cordero Souto
FLUSINI: un preprocesador para OpenFOAM, orientado a problemas de enxeñaría de vento.	Santiago Hernández Ibáñez; Félix Nieto Mouronte; Antonio José Álvarez Naveira; Antía Troche Matos

Cadro 6.49 Rexistros de software tramitados en 2015



Cadro 6.50 Evolución do software e outros RPI rexistrados

### Apoio a proxectos europeos

Co obxectivo de fomentar a participación dos investigadores da UDC en proxectos internacionais, a Universidade da Coruña levou a cabo as seguintes liñas de traballo:

- **Asesoría na definición e xestión de proxectos**
  - Definición administrativa e financeira de 60 propostas novas dentro de varios programas europeos de I+Di (Programa H2020, Life+, NILS, COST, etc.). Destas 60 solicitudes, constan neste momento 6 concesións, 38 denegacións, e están pendentes de avaliación os resultados de 16 solicitudes.
  - Colaboración na promoción e difusión dos programas europeos de i+D+i a través dun continuo envío de información focalizada (convocatorias, Infodays, eventos, etc.) ao persoal investigador.
  - Procura de socios para a formación de consorcios a través dos contactos con entidades de interfaz como OPIDI, CDTI e Galactea.
  - Organización de 9 xornadas formativas e informativas sobre diferentes aspectos dos programas internacionais, nas que participaron relevantes personalidades da Comisión Europea.
- **Oficina H2020**

A Oficina H2020 da OTRI desenvolveu unha acción continuada de contactos persoais:

  - presentación de cadro de capacidades / excelencias dos grupos de investigación fronte a intereses / necesidades da UDC en programas de colaboración e cooperación
  - formación de consorcios internacionais para propostas de proxectos
  - representación de centros de investigación da UDC en info days e networking meetings
  - acompañamento de candidaturas persoais nas accións Marie-S.Curie
  - asistencia na presentación de resultados de proxectos en curso accións continuadas de promoción da participación da UDC en programas de promoción de I+i+i'
  - apoio na procura de participación en programas de cooperación con países non desenvolvidos
  - discusión de estratexias e liñas de acción para o sistema universitario ibérico de I+i+i'

Os contactos persoais realizáronse a través de presenza física xunto dos actores das institucións e as

empresas implicadas, e a través de sistemas de relación telemática. Os puntos de contacto físico foron as oficinas das direccións xerais da Comisión Europea e as das organizacións de lobbying oficial ante a CE.

Ao longo de 2015 realizáronse 9 estadias en Bruxelas, cunha duración total de 43 días. Usouse como base a oficina compartida polas universidades galegas na sede do CSIC. Dentro da CE, as institucións-obxectivo dos contactos persoais en Bruxelas foron, entre outras, as direccións xerais de Conectividade, de Educación e Cultura, de Investigación, de Recursos Mariños e de Política Rexional, as axencias executivas do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de Ecoinnovación, as delegacións do CSIC e do CDTI e a representación de universidades europeas, nomeadamente británicas e norueguesas.

Por outra parte, os técnicos da OTRI traballaron con varios grupos de investigación da UDC, co fin de valorizar a súa investigación e tratar de conseguir a súa transferencia ao contorno socioeconómico. Como resultado, asinouse un acordo de licenza para a explotación dun rexistro de *software*, un contrato de transferencia cunha empresa *spin-off* e diversas colaboracións en proxectos con empresas de 37 contratos para presentación de 14 proxectos á convocatoria Conecta-Peme.

- **Apoio mediante consultaría especializada**

A OTRI contou dende xullo 2014 e até agosto 2015 cunha asistencia técnica executada pola empresa Mon Progres S.L. dirixida á dinamización da participación da UDC no Programa Horizonte 2020. O seu equipo de traballo multidisciplinar, a presenza permanente tanto a nivel local coma en Bruxelas, o seu coñecemento dos mecanismos de financiamento europeos e a posibilidade de ofertar solucións personalizadas en función das necesidades dos grupos de investigación da UDC, aportan un valor engadido que complementa axeitadamente as capacidades e recursos propios da OTRI neste labor.

Para asegurar o cumprimento do obxectivo último do contrato (procura dunha mellora na participación da UDC en programas europeos, nomeadamente H2020), o servizo foi prestado en comunicación permanente co persoal da OTRI, asegurando así a posibilidade dunha avaliación continua da execución das actividades previstas no plan de traballo e a potencial aplicación de medidas correctoras no caso de seren precisas.

- **Programa Berce 2015**

A UDC decidiu poñer en marcha neste 2015 un programa de apoio á ciencia excelente que fomenta a presentación de propostas exitosas de investigadores nalgunha das modalidades ao European Research Council (ERC): Starting Grants (StG), Consolidator Grants (CoG) e Advanced Grants (AdG).

Este programa de apoio, denominado Berce (benvida, estabilización e retorno de ciencia excelente), contén unha serie de accións concretas destinadas tanto a investigadores da UDC como a científicos procedentes de calquera parte do mundo que decidan desenvolver o seu proxecto do ERC na UDC.

Ademais das ERC grants, existen outras convocatorias que posibilitan que investigadores internacionais realicen os seus proxectos na UDC. berce pretende dar igualmente apoio técnico ás solicitudes de financiamento de proxectos individuais que supoñen unha aposta pola investigación de calidade e que representen un paso significativo na carreira científica.

Durante esta ano 2015 atendéronse máis de 50 consultas de diferentes investigadores tanto da UDC como de fóra dela, interesados en recibir información deste programa. A partir destas consultas, a UDC a través da súa OTRI prestou apoio na presentación de solicitudes a diferentes convocatorias.

## Viveiro de empresas de base tecnolóxica

En base ao Regulamento para a creación de empresas da UDC, no ano 2015 aprobouse a creación das empresas de base tecnolóxica participadas pola *Universidade da Coruña a Centro de Estimulación Cerebral de Galicia, SL*, *Nexus Quality Solutions, SL* e *Terravanza, Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados, SL*. Está en estudo a viabilidade e posta en marcha doutras 5 iniciativas de base tecnolóxica, tamén participadas pola universidade.

A parte da creación de tres spin-off participadas, realizáronse dúas operacións societarias con outras dúas spin-off da UDC, unha foi un préstamo participativo concedido por Xesgalicia e, a outra, a venda das participacións da UDC a unha empresa do entorno galego.

Neste ano publicáronse dúas convocatorias para acceder ao Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da UDC, no mes de marzo e setembro. No mes de febreiro incorporáronse ao Viveiro as iniciativas *Emapic* e *Versabotics Technologies* froito dunha convocatoria do 2014, no mes de abril incorporáronse *VACMatch* e *Pilgrim Global Solutions*, no mes de outubro incorporáronse as iniciativas *Aenea Org*, *Cogomelo Games* e *Coincelt*, e por último, no mes de decembro incorporouse a iniciativa *Onsho*, froito de gañar o premio do curso *Business Thinking* anteriormente mencionado.

A 31 de decembro de 2015 a composición do no Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da Universidade era a seguinte:

- Viveiro n.º 1: **Aenea Org.**

Aenea quere achegar aos usuarios todas esas organizacións que están propiciando avances en calquera campo da vida, como o desenvolvemento social por parte de Ongs, colectivos de investigación científica, iniciativas de protección do medio ambiente, e un longo etc. Con ese obxectivo están

creando a mellor plataforma social de crowdfunding, para promover unha ola de doazóns a todos eses profetas do cambio.

- Viveiro n.º 2: **Onsho**

ONSHO, é unha marca de moda especializada no calzado a medida. Os materiais que se utilizan para a confección do calzado son principalmente ecolóxicos e biodegradables.

- Viveiro n.º 3: **VACMatch**

VACmatch nace como unha plataforma para a xestión de competicións que busca eliminar o papel e todo o tempo que as federacións e asociacións deportivas deben invertir en levar as súas competicións. Todo a través de fichas e actas electrónicas dos encontros para manter actualizada a clasificación en todo momento e permitir aos xogadores informarse das novidades incluso en tempo real.

- Viveiro n.º 4: **Cogomelo Games**

Cogomelo Games é unha iniciativa empresarial no campo do lecer dixital. O noso principal enfoque é o desenvolvemento de videoxogos para plataformas móbiles (Android, iOS, etc..).

O seu primeiro produto, *Fly Away*, é un videoxogo para smartphones e tablets que implementa o tan exitoso modelo de negocio Freemium (xogar será gratis). Trátase dun xogo de mecánica sinxela orientado a un amplo rango de idades.

- Viveiro n.º 5: **Emapic**

EMAPIC pretende ser unha empresa especializada no uso combinado das Tecnoloxías de Información Xeográfica xunto coas Tecnoloxías de Información e Comunicación, para facilitar a representación sobre mapas de feitos, ideas, opinións, necesidades, demandas, intereses, sensacións, inquietudes, e mesmo sentimentos das persoas en función da súa localización xeográfica, e con iso conseguir un mellor coñecemento sobre calquera temática de interese.



- Viveiro n.º 6: **Coincelt**

Coincelt é unha iniciativa emprendedora fintech orientada a tecnoloxías Bitcoin; facilitando un servizo de carteiras, microtransaccións e pasarela de pagos. Bitcoin permite transferir valor en cuestión de minutos, está preparado para o uso de microtransaccións e as comisións por transferencia son moi baixas.

- Viveiro n.º 7: **Pilgrim Global Solutions**

Pilgrim Global Solutions nace como unha iniciativa empresarial cuxas bases ten o desenvolvemento de sistemas de xestión integrados baseados en xeolocalización, aplicacións móbiles multinivel e novos sistemas de pago máis seguros e eficientes para potenciar e xestionar o turismo e, dunha forma específica, o Camiño de Santiago.

